

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0168	Formación e orientación laboral	2023/2024	0	107	0
MP0168_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	0	62	0
MP0168_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	0	45	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	AMADEO DOCAMPO SÁNCHEZ,FERNANDO MIGUEL OTERO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0168_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
(MP0168_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP0168_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP0168_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.
(MP0168_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP0168_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP0168_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
(MP0168_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0168_22) CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica. e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
(MP0168_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
(MP0168_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
(MP0168_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
(MP0168_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0168\_12) CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.

(MP0168\_22) CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.

(MP0168\_12) CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.

(MP0168\_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.

(MP0168\_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

(MP0168\_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.

(MP0168\_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

(MP0168\_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

(MP0168\_22) CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

(MP0168\_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

(MP0168\_12) CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP0168\_22) CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

(MP0168\_12) CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

(MP0168\_12) CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0168\_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

(MP0168\_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

(MP0168\_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

(MP0168\_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP0168\_22) CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP0168\_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP0168\_22) CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

(MP0168\_22) CA3.1 Valórouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP0168\_12) CA3.1 Valórouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP0168\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.

(MP0168\_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP0168\_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP0168\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

(MP0168\_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

(MP0168\_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(MP0168\_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP0168\_12) CA3.5 Valórouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0168_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
(MP0168_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.
(MP0168_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
(MP0168_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
(MP0168_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
(MP0168_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
(MP0168_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
(MP0168_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
(MP0168_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
(MP0168_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
(MP0168_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
(MP0168_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.
(MP0168_12) CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
(MP0168_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
(MP0168_12) CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
(MP0168_22) CA4.7 Identifícanse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.
(MP0168_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
(MP0168_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0168_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
(MP0168_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
(MP0168_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
(MP0168_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.
(MP0168_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
(MP0168_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
(MP0168_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
(MP0168_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0168_22) CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
(MP0168_12) CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
(MP0168_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
(MP0168_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
(MP0168_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
(MP0168_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0168\_22) CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

(MP0168\_12) CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP0168\_12) CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

(MP0168\_12) CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

(MP0168\_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.

(MP0168\_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

(MP0168\_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.

(MP0168\_22) CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP0168\_22) CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP0168\_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP0168\_22) CA3.1 Valorouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP0168\_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP0168\_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.

(MP0168\_12) CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP0168\_22) CA3.3 Identifícanse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP0168\_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
(MP0168_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
(MP0168_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
(MP0168_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
(MP0168_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
(MP0168_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
(MP0168_12) CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.
(MP0168_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
(MP0168_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
(MP0168_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
(MP0168_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
(MP0168_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
(MP0168_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
(MP0168_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
(MP0168_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.
(MP0168_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
(MP0168_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A Orde do 5 de abril de regula as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O artigo 11, punto 4, sinala expresamente que "No caso dos centros que ofrezan o mesmo módulo profesional dun ciclo formativo a diferentes grupos de alumnado, no mesmo ou en diferente réxime e/ou modalidade, as comisións de avaliación correspondentes deberán acordar a mesma programación para o módulo a que se refire a alínea a) do punto 1 deste artigo".

Á luz dos mínimos establecidos en cada Unidade didáctica e complementando estas coa visión xeral do módulo, sinálanse os seguintes mínimos que o alumnado deberá dominar para a superación da materia:

Mínimos exigibles:

UF1: Dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego e equipos de traballo,

CA1.2 - Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.

CA1.4 - Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.

CA1.5 - Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.

CA2.1 - Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

CA2.2 - Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

CA2.3 - Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

CA2.4 - Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

CA2.5.1 - Valoráronse os dereitos e obrigas básicas do traballador

CA2.5.2 - Valoráronse os dereitos do traballador en materia de xornada e salarios

CA2.5.3 - Valoráronse os dereitos e obrigas do traballador en relación ás modificación e extinción do contrato

CA2.7 - Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

CA2.8.1 - Identificáronse os elementos definitorios do recibo de salarios

CA2.8.2 - Calculouse o salario neto en supostos sinxelos

CA2.9 - Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

CA2.9.1 Calculouse indemnizacións por despedimento, suspensión de contrato e modificación do contrato en supostos sinxelos

CA2.10 - Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

CA3.2 - Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.

CA3.3.1 - Determináronse as bases e cotas de cotización da persoa traballadora en supostos sinxelos

CA3.3.2 - Determináronse as bases e cotas de cotización da empresa en supostos sinxelos

CA3.4 - Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa dura-ción, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

CA3.5 - Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

CA4.2 - Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.

CA4.3 - Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.

UF2: Prevención de Riscos laborais

CA1.1 - Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.

CA1.5 - Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

CA1.7 - Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

CA2.2 - Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

CA2.3 - Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional.

CA2.4 - Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en proxectos de edificación.

CA2.5 - Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

CA3.2 - Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

CA3.2.1 Confeccionáronse os distintos índices estatísticos de siniestralidade

CA3.3 - Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

CA3.5 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

CA3.7 - Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior.

CA3.8 - Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de acti-vidade do título.

CA4.2 - Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.

CA4.3 - Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

CA4.6 - Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

CA4.1.1 - Identifícanse as medidas de prevención asociadas a cada tipo de risco

Mínimos que se complementan e desenvolven nalgúns casos, nos seguintes:

Relacionáronse as condicións de traballo coa saúde

Valorouse a importancia que posúe a prevención de riscos laborais para a seguridade e saúde dos traballadores.

Comprendéronse os riscos de diferente orixe que veñen dados pola actividade laboral, e que poden afectar á saúde do traballador.

Descríbironse as medidas de protección a adoptar en cada momento.

Identificáronse os diferentes equipos de protección individual.

Desenvolvéronse os aspectos máis importantes dun plan de autoprotección

Precisouse a forma de aplicación das diferentes normas laborais ás relacións de traballo.

Descríbironse os elementos esenciais do contrato de traballo.

Diferenciáronse os requisitos e finalidade do contrato en prácticas e do de formación.

Formalizáronse os modelos de contrato: en prácticas, de formación, a tempo parcial e de duración determinada.

Identificáronse os colectivos de traballadores con dereito a bonificacións nos contratos

Definíronse os conceptos retributivos que compoñen unha nómina ou recibo de salarios.

Calculouse unha nómina sinxela

Entendeuse que a relación laboral pode estar suxeita a unha serie de modificacións.

Distinguiuse a suspensión da extinción do contrato de traballo.

Calculáronse indemnizacións por despido en supostos sinxelos

Precisáronse os órganos de representación dos traballadores no ámbito da empresa, concretando as formas de elección, as súas competencias e garantías.

Categorizáronse as prestacións da Seguridade Social identificando os requisitos necesarios para ser beneficiarios.

Calculáronse prestacións por desemprego e IT en supostos sinxelos

Planificouse unha reunión de traballo

Identificáronse as características dos equipos eficientes

Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.

Diferenciáronse as técnicas de traballo en equipo

Apreciáronse as diferentes características e funcións dos distintos tipos de formación: regrada, ocupacional e continua.

Identificáronse os seus intereses, aptitudes e competencias no campo profesional escollido.

Identificáronse as diferentes fontes de información na busca de emprego.

Elaborouse correctamente un curriculum vitae e a carta de solicitude que a acompaña.

Respondéronse de forma adecuada preguntas-tipo nunha entrevista de traballo

Respectouse a normativa legal, cumpríronse os requisitos de acceso ao exame e respectáronse as normas establecidas no RRI á hora de realizalo.

Os exames celebráronse no mes de xuño, nas datas que oportunamente se farán públicas.

Constarán de varias preguntas breves e na realización dalgún suposto práctico, dependendo da materia. O número de preguntas poderá variar dun a outro examen. Como criterio orientativo o seu número oscilará entre tres e cinco, podendo conter diferentes apartados e subapartados.

Todas as preguntas terán igual valor ata sumar 10 puntos en total.

Serán corrixidas de acordo a criterios obxectivos, tomando sempre como referencia a lei respectiva, o Estatuto dos Traballadores e lexislación de aplicación ou calquera libro de texto FOL actualizado.

Con independencia do sinalado, o libro de texto actualizado:

Alonso Blanco, Albano: FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL. Editorial Xerais, será o que siga este profesor e pode servir para a preparación das probas. A disposición dos alumnos que o soliciten, existe exemplar no Departamento de FOL, que poderá consultarse previo contacto con este profesor.

Será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superar o módulo.

A superación das preguntas da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, en cada una das probas, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba denominarase EXAME FINAL DE LIBRES - PROBA TEÓRICA e consistirá nunha proba escrita que incluírá diversas preguntas teóricas das dúas Unidades Formativas. Para a súa confección só se poderá utilizar papel, bolígrafo e, no seu caso, calculadora simple, sen que estea permitido utilizar no seu lugar teléfonos, iphones, pda ou outros dispositivos análogos. Os teléfonos ou calquera outros dispositivos análogos (smartphones, smartwatches...) deberán estar apagados no momento do exame.

A PROBA PODRÁ TER UNHA DAS SEGUINTE FORMAS:

- Proba de desenvolvemento escrito.- Un número máximo de 10 preguntas curtas, que poderán ter apartados e subapartados, sinalándose oportunamente o valor de cada una no propio documento da proba. De non establecerse nada o valor será igual para cada una delas até completar un total de 10 puntos.

- Proba de tipo test. Un máximo de 50 preguntas, e catro respostas posibles.

Os fallos penalizaranse con 1/3 (0,33) do valor dunha pregunta correcta, aplicando a seguinte fórmula:

$$[(\text{Preguntas correctas} - \text{preguntas falladas} \times \text{penalización}) / \text{número de preguntas válidas totales}] \times \text{a nota máxima posible (10 puntos)}$$

O día, hora, forma e lugar desta proba indicárase oportunamente nos taboleiros do IES POLITÉCNICO.

Criterio de avaliación: 100% proba escrita.

Para poder superar esta proba a persoa aspirante deberá obter un mínimo dun 5.

É preciso superar esta proba para poder realizar o Exame Final de Libres - PROBA PRÁCTICA.

Para a preparación das UD desta proba poderán utilizarse manuais de FOL, debidamente actualizados, a Constitución Española, de 6.12.78; a Lei 8/80, de 10 de marzo, Estatuto dos Traballadores, en redacción dada polo RDL 2/2015, de 23 de outubro, actualizada; RDL 5/2000, de 4 de agosto, en redacción actualizada, sobre infraccións e sancións na orde laboral; RDL 3/2015, de 23 de outubro, sobre o Emprego; L.O. 3/2007, de 22 de marzo sobre Igualdade; a Lei de Procedemento Laboral; RD 928/1998, de 14 de maio, que aproba o Regulamento sobre infraccións na orden social, en redacción actualizada; RDL 5/1979, de 26 de xaneiro sobre o IMAC, en redacción actualizada; normativa existente sobre contratación e manuais actualizados do INEM e Servizo Galego de Emprego; Lei 14/1994, sobre ETT; Formularios e manuais sobre nóminas, cotizacións e retencións; Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, en redacción actualizada, así como manuais sobre eleccións sindicais na empresa; RDL 1/1994, de 20 de xuño, da Seguridade Social en redacción actualizada; Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación; Lei Orgánica para a mellora da calidade educativa, 8/2013 de 9 de decembro e manuais e materiais sobre currículos, cartas de presentación, entrevistas e demais instrumentos utilizados para a busca de emprego.

Poderán igualmente utilizar a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en redacción actualizada; RD 486/1997, de 14 abril, sobre condicións mínimas de seguridade nos centros de traballo e Guía Técnica do INSHT para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos lugares de traballo; RD 485/1997, sobre sinalización de seguridade no traballo; normativa sobre ruídos (en particular o RD 1316/1989, de 27 de outubro sobre protección fronte a ruído; Lei 37/2003, de 17 novembro, sobre ruído; RD 286/2006, de 10 de marzo, sobre riscos derivados do ruído); normativa sobre radiacións, en particular o RD 783/2001, de 6 de xullo; RD 487/1997 e RD 783/2001, de 6 de xullo sobre protección fronte ás radiacións ionizantes; RD 487/1.997, de 14 de abril sobre manipulación de cargas; RD 773/1997, de 30 maio, sobre EPIs; normativa sobre prevención de incendios, en particular RD 2267/2004, de 3 decembro, que desenvolve o regulamento de seguridade contra incendios nas empresas; normativa sobre riscos eléctricos (en particular RD 614/2001, de 8 xuño, sobre riscos eléctricos e RD 842/2002, de 2 de agosto, sobre traballos en baixa tensión); RD 664/1997, de 12 de maio, sobre riscos biolóxicos no traballo; normativa sobre sustancias perigosas, en particular o RD 255/2003, de 28 febreiro, sobre traballos con preparados perigosos; RD 374/2001, de 6 de abril sobre riscos químicos; normativa sobre exposición a riscos nos traballos con pantallas de visualización, en particular RD 488/1997, de 14 de abril; RD 665/1997, de 12 maio, sobre axentes canceríxenos no traballo; normativa sobre iluminación nos centros de traballo (en particular o RD 486/1997, de 14 de abril). Así mesmo recoméndase o uso de manuais de FOL sobre normativas máis relevantes no traballo, riscos químicos, físicos, mecánicos, biolóxicos e psicosociais, así como manuais de Xestión de Prevención de Riscos Laborais (en particular o RD 337/2010, de 19 de marzo que modifica o RD 39/1997, de 17 de xaneiro sobre Regulamento dos Servizos de Prevención); Avaliación xeral de riscos; Planificación da acción preventiva, índices estatísticos de seguridade e manuais sobre primeiros auxilios básicos. Igualmente débese manexar o RD 39/1997, de 17 de xaneiro sobre as funcións dos técnicos de prevención de nivel básico.

Para unha maior concreción, ás persoas que o desexen poden personarse con antelación suficiente no IES Politécnico de Vigo e solicitar entrevistarse coa persoa titular da Xefatura de Departamento a fin de orientarse máis polo miúdo.

#### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba denominarase EXAME FINAL DE LIBRES - PROBA PRÁCTICA

Incluirá casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico.

Constará de un número máximo de 10 supostos, que poderán conter apartados e subapartados e que poderán formularse como supostos prácticos, incluídos cálculos numéricos, táboas de observación, listas de cotexo, gráficas ou outros instrumentos similares. Cada un deles terá o valor que se indicará no propio exame. De non establecerse nada, todos terán igual valor ata completar a puntuación máxima de 10 puntos.

Para a súa confección só se poderá utilizar papel, bolígrafo e, no seu caso, calculadora simple, sen que estea permitido utilizar no seu lugar teléfonos, iphones, pda ou outros dispositivos análogos.

Os teléfonos ou calquera outros dispositivos análogos (smartphones, smartwachtes...) deberán estar apagados no momento do exame.

O día, hora e lugar desta proba indicárase oportunamente nos taboleiros do IES POLITÉCNICO.

Para poder realizar o Exame Final de Libres - PROBA PRÁCTICA hai que ter superado o Exame Final de Libres PROBA TEÓRICA.

A proba teórica fará media coa proba práctica ata completar un máximo de 10 puntos entre ambas. É necesario ter as dúas superadas en cada unha das Unidades formativas, para superar o módulo

Criterio avaliación: 100% proba escrita.

Para a preparación da parte práctica da proba, ademais dos materiais citados no apartado 4.a), para a preparación da parte teórica, recoméndase a utilización de manuais, simuladores, formularios e materiais para a resolución dos supostos de feito máis frecuentes e exercicios relacionados cos contidos e resultados da aprendizaxe a avaliar.